

LECTIO SECVNDA

O CAMBIO LINGÜÍSTICO.

A ESCRITURA: UNHA MENTIREIRA. O ALFABETO LATINO
PROSODIA LATINA. HISTORIA DE ROMA: A MONARQUÍA
ROMANI LATINE LOQVEBANTVR (I)

2.1. Concepto de cambio lingüístico:

2.1.1. Aspectos da lingua suxeitos a cambio: fonético, léxico, gramatical e semántico.

2.1.2. Por que cambia a lingua?

2.1.3. Como cambia a lingua?

2.2. A escritura: é unha mentireira:

2.2.1. Os sistemas de escritura:

2.2.1.1. Ideográficos / Logográficos.

2.2.1.2. Silabarios.

2.2.1.3. Alfabéticos: o alfabeto latino.

2.2.2. Lingua oral fronte a lingua escrita.

2.3. Prosodia latina.

2.4. Historia de Roma: a Monarquía.

2.5. *Romāni latine loquebantur (I).*

COGITA!

1. Coñeces as seguintes palabras? Se é así, reflexiona sobre elas: que significan, de onde proceden, se son “correctas” ou non (isto é, veñen no dicionario de galego ou castelán), etc.:

predecesor:

petril /pitril:

bacenilla:

ren:

azagaya:

fistro:

hostia:

nevera:

nimio, -a:



2. Coñeces o infinitivo conxugado do galego? Emprégalo? Debatede sobre se llo escoitades empregar a alguén e, nese caso, a quen e en que contextos.

3. Á luz do traballado nas actividades anteriores, por que e como credes que se produce o cambio lingüístico?.

4. Lede, un por un, de viva voz, as seguintes oracións, e reflexionade sobre a pronuncia:

Os romanos son os responsables reais dos procesos romanizadores
Los romanos son los responsables reales de los procesos romanizadores

5. Cales dos seguintes grupos de símbolos son sistemas de escritura? Identificas algúns? Cales che parecen máis cómodos?





(a) Ocho caracteres en escritura de imprenta

中	海	茶	飯
zhong	hai	chá	fàn
medio	mar	té	alimento
錢	龍	聞	識
qián	lóng	wén	shí
dinero	dragón	oir	conocer

(b) Los mismos caracteres en escritura cursiva

中	海	茶	飯
zhong	hai	chá	fàn
錢	龍	聞	識
qián	lóng	wén	shí

同じように
ユニター会社
の経理マンと
秘書マンと
に結婚。子どもは
四十歳を過ぎたころ、エミ
ールさんは「週五日の仕事
を繰り返すだけの人生は出
ない。賛成する妻を、一
年かけて説得した。
力いて居るカ
日本快走中
「物価高いけど
オーストラリアで目を覚
ますと、カンガルーにのぞ
き込まれていたり、ギニア
で食事をしていると、食べ
物の前をゴブラが横切っ
ていったりした。アラブ首長
国連邦では、ホテルの支配
人が無料で三泊させてく
れ、コンピューター会社が



۱ اِنِّی الْبَدَّ كَانَ الْكَلِمَةُ وَالْكَلِمَةُ كَانَ عِنْدَ اللَّهِ وَكَانَ
۲ الْكَلِمَةُ اللَّهُ هَذَا كَانَ فِي الْبَدَّ عِنْدَ اللَّهِ كُلُّ شَيْءٍ بِهِ
۳ كَانَ وَبِقِيَمِهِ لَمْ يَكُنْ شَيْءٌ مِمَّا كَانَ فِيهِ كَانَتْ اَنْسِيُوهُ وَالْحَيَوَةُ
۴ كَانَتْ نُورُ النَّاسِ وَالنُّورُ يَضِي فِي الظُّلْمَةِ وَالظُّلْمَةُ لَمْ
۵ تَذَرِكُهُ
۶ كَانَتْ اِنْسَانٌ مَرْسَلٌ مِنْ اَللّٰهِ اَمْسُهُ يُوْحَنَّا هَذَا جَاءَ
۸ لِلشَّهَادَةِ لِيَشْهَدَ لِلنُّورِ لِكِي يُؤْمِنَ الْكُلُّ بِوِاسْطَتِهِ لَمْ يَكُنْ هُوَ
اَلنُّورُ بَلْ لِيَشْهَدَ لِلنُّورِ

א. איש ארצי אפלאשן או תיאוש
טון אורכו קי טון איי:
ב. והארץ קי איש אשון אבישוש
קי אפנימוש קי שקטוס איפי
פרושפה אביש קי אנומוס טו
תיאור אנפטיי איפי פרושפה
טון צירון:
ג. ויאמר קי איפן או תיאוש אש
איפי פוש קי אשון פוש:
ד. וירא קי אריון או תיאוש טו
פוש אריון קי אריושן או
תיאוש אש טשטש טו פוש קי
אנפשא טו שקטוס

NENIČTE! URČENO CIZÍM VOJSKŮM!



ПРАВДА

ОРГАН ОРГАНИЗАЦИИ КП ЧССР НОВОДВОРСКА

ПРАГА
27. АВГУСТА 1968 - Г.

Советские солдаты и офицеры!

Когда в 1945 году приехали в Прагу на советских танках Ваши отцы, освободившие нас от фашистских захватчиков, мы их принимали с цветами и держали их в объятиях. Но сегодня Вам ни один рабочий, женщина и ребенок не подает руку, а даже ни стакан воды, ни кусок хлеба. Весь народ, все коммунисты и беспартийные, которым дорога судьба социализма в Чехословакии, возмущены тем, что Вы находитесь на земле нашей родины.

Не верте, что советские войска пригласило в Чехословакию наше правительство и ведение Компартии. Мы, народ, не имеем ничего общего с группой деятелей вокруг Новотного, нанесших огромный ущерб идеям строительства социализма в Чехословакии. Развитие у нас шло спокойным путем. У нас своя, социалистическая армия и народные милиции, силами которых мы бы и сами с контрреволюцией управлялись. О приходе советских войск не получили официального сведения ни ведение Компартии, ни правительство и президент республики.

Теперь, когда Вы с Вашими танками и пулеметами находитесь на улицах нашего старинного города, Ваши полицейские интернируют членов нашего законного правительства, национального собрания, ЦК Компартии и делегатов 14. съезда КПЧ. Правительство

ПОЧЕМУ?

Советский поим! Может быть Ты не знаешь, что почти все коммунистические партии мира осуждают вооруженный акт против Чехословацкой социалистической республики. Ожесточенно осуждают весь цивилизованный мир.

Может быть, что Ты не уделяешь много внимания жизни не социалистических стран. Но надо знать, что решительно осуждают эту измену наших союзников и социалистических стран — Румыния и Югославия и другие страны — Индия, Алжир, Тунисия. Эта наша африканская помощь наносит огромный ущерб авторитету союзников нашей страны и коммунизма. Все мир с недоумением смотрит и задает себе и тебе вопрос — почему?

Танки и стрельба против безоружных граждан — это социалистическая дружба? Это интернационализм?

Не знаю Тебя не известный солдат — но Ты должен знать, что русские здесь уважали, хотя и не были и не будут согласны с мнением их правительства, что социализм нельзя построить без цензуры и НКВД. Мы думаем, что это наше дело и не будем убеждать нас, что это не так.

История чехосло-русских отношений — это была история дружбы. До сих пор. Сейчас грубая ошибка нашего правительства, которое нарушило суверенитет нашего социалистического государства, подорвала доверие нашего народа к СССР. Из многих вопросов, которые задает себе в этой ужасной обстановке наш народ, хочу задать Тебе еще один — что бы Ты сделал, если бы в Твою страну пришла без приглашения армия социалистического союзника? Приветствовал бы их цветами, или оружием? Мы не сделали ни то, ни другое. Но нет слов, которые

описали бы ту огромную и всепобеждающую волю иностранной ненависти к оккупации. Ты сам это видишь и чувствуешь. Когда Ты пернешься, расскажи, как это насилие нарушило наши человеческие отношения.

Можу Тебе рассказать одну тайну — сколько у нас контрреволюционеров! Их легко подсчитать:

14 миллионов

(за исключением несколько десятков общероссийских бюрократов (весь народ). Потому что буржуазия весь народ стоит за нашей Коммунистической партией, за Первым секретарем товарищем Дубчеком. Еще никогда не имела наша партия такую поддержку всех рабочих, крестьян и интеллигенции как и эту грозную силу).

Смотри, думай, не забудь то что здесь видели, и старайся понять и разобраться в чем дело. Кто на него напал, кто разорвал дружбу. Дружба заливается кровью, но ее можно кровью и уничтожить.

Мутное утро

в СССР, ПНР, ВНР, ГДР и Болгарии. Мы уважали дружбу, которую мы сейчас

MEMENTO!

1. Como concluímos a partir da actividade anterior, os sistemas de escritura alfabéticos son os máis económicos e prácticos, pois neles cada símbolo representa un son, e ningunha lingua humana posúe máis de 75 sons con valor fonolóxico.

O primeiro alfabeto que coñecemos é o **cananeo**, que data do s. XVIII a.C. e apareceu na zona de Palestina e Siria. Moi preto deste territorio, os fenicios, árabes e hebreos construíron os seus a partir deste. Arredor do s. XI a.C., os gregos continentais realizaron unha adaptación do alfabeto fenicio. Unha variante do grego clásico foi a que coñeceron os etruscos; os romanos, veciños destes, tomaron como modelo unha versión etrusca para elaborar o chamado alfabeto latino, que é a base de todos os occidentais; con el escríbese o galego, o castelán, o francés, o inglés, o alemán, etc.

Nas adaptacións ás diversas linguas houbo casos de rexeitamento de símbolos (se representaban sons sen correlato no novo idioma), e tamén de invención de símbolos novos (se a lingua en cuestión posuía sons inexistentes no latín). Esa é a razón de que hoxe en día en galego e castelán teñamos letras que non aparecían no alfabeto latino: J, Ñ ou W (por non falar dos dígrafos, como CH, LL, LH, LJ, NY, etc., en multitude de alfabetos).

Coa reciclaxe producíronse algúns desequilibrios no principio básico do sistema: hai veces que un son está representado por máis dun símbolo, e ocasións nas que un só símbolo representa máis dun son; mesmo hai un caso no que o símbolo non representa ningún son! Seguro que podes poñer exemplos de cada caso.

En resumidas contas, o camiño do primitivo alfabeto cananeo cara ó alfabeto latino vén sendo como ves no cadro da dereita:

	CANANEO	FENICIO	GREGO		CANANEO	FENICIO	GREGO
,			A	l			Λ
b			B	m			M
g			Γ	n			N
d			Δ	s			Ξ
h			E	,			O
w			Υ	p			Π
z	=	I	Z	ʃ			Μ*
h	III		H	q			Ϟ**
t			Θ	r			P
y			I	ʒ			Σ
k			K	t			T

O ALFABETO LATINO

alf. arcaico	alf. clásico	cap. cuadrada
Α Β	A	A
Β Γ	B	B
Δ Ε	C	C
Ζ Η	D	D
Θ Ι	E	E
Κ Λ	F	F
Μ Ν	G	G
Ξ Ο	H	H
Π Ρ	I	I
Σ Τ	K	(K)
Υ Φ	L	L
Χ Ψ	M	M
Ω	N	N
	O	O
	P	P
	Q	Q
	R	R
	S	S
	T	T
	V	V
	X	X
	Y	Y
	Z	Z

Xa no latín, os pasos dados desde o etrusco pódense observar nestoutro cadro da esquerda:

Se te fixas no alfabeto latino e no grego, verás que, á parte das variacións evidentes, hai letras no alfabeto grego que non foron adaptadas para o latino, mais si recicladas para outros usos. Algúns dos problemas foron os seguintes:

- Emprego de Γ para o son [k], á parte do [g].
- Inexistencia en latín do son [φ].
- Inexistencia en latín do son [ds].
- Inexistencia en latín do son [θ].
- Elección do símbolo P polo latín para o son [r].
- Inexistencia en latín do son [ü].
- Inexistencia en latín do son [kh].

Algunhas das solucións que se deron foron realmente imaxinativas: pensa un pouco e ó mellor

ti mesmo dás con elas.

Polo que se refire ás pronuncias do latín, hai varias, mais nós imos empregar a que denominamos “clásica”, e que debes aprender a partir desta táboa:

MAIÚSCULAS	minúsculas	NOME	PRONUNCIA
A	a	<i>a</i>	[a]
B	b	<i>be</i>	[b]
C	c	<i>ce</i>	[k]
D	d	<i>de</i>	[d]
E	e	<i>e</i>	[e]
F	f	<i>ef</i>	[f]
G	g	<i>ge</i>	[g]
H	h	<i>ha / muta</i>	-
I	i	<i>i</i>	[i]
K	k	<i>ka</i>	[k]
L	l	<i>el</i>	[l]
M	m	<i>em</i>	[m]
N	n	<i>en</i>	[n]
O	o	<i>o</i>	[o]
P	p	<i>pe</i>	[p]
Q	q	<i>cu</i>	[q]
R	r	<i>er</i>	[r]
S	s	<i>es</i>	[s]
T	t	<i>te</i>	[t]
V	u	<i>u</i>	[u]
X	x	<i>iks</i>	[ks]
Y	y	<i>i graecum</i>	[ü]
Z	z	<i>dseta</i>	[ds]

Por certo, que unha boa pregunta sería: Cómo podemos saber a pronuncia do latín, se xa non queda vivo ningún romano antigo para escoitalo?

2. En canto ó acento, debes saber que o latín non posúe acento gráfico, pero cada palabra ten o seu acento prosódico, como en galego e en castelán. Para saber acentuar ben as palabras latinas debes seguir estas normas:

- Con carácter xeral, non hai palabras agudas. Polo tanto, todas as palabras bisílabas son graves: **templum, rosae, domus**, etc.

- En latín existen 10 vogais, repartidas en cinco timbres [a, e, i, o, u] e dúas cantidades (longa e breve). Se non o comprendes, pensa na diferenza que existe en inglés entre *sheet* e *shit* e halo entender axiña. Con todo, non se distingue graficamente entre unhas e outras, aínda que neste libro habémolo facer para facilitar a lectura. Os símbolos que se empregan son uns tiles que se poñen enriba das letras: por exemplo, ē é un e breve, mentres ē é un e longo. Se non aparecen os símbolos, saberás que unha vogal é longa cando vai seguida de dúas consoantes, e breve cando vaia seguida dunha vogal coa que non forme ditongo (os ditongos latinos son **ae, oe, au**).

- Que unha palabra de máis de dúas sílabas sexa grave ou esdrúxula vén determinado pola cantidade da vogal da súa penúltima sílaba: se esta é longa, será a sílaba acentuada (palabra grave), e se é breve, a acentuada será a anterior (palabra esdrúxula): **legērunt** [legērunt], pero **legēre** [légere].

Practica co seguinte texto:

Domi res tranquillae, eadem magistrātuum vocabŭla; iuniōres post Actiacam victōriam, etiam senes, plerique inter bella civium nati: quotus quisque reliquus qui rem públicam vidisset? Igŭtur verso civitātis statu nihil usquam prisci et intēgri moris: omnes exŭta aequalitāte iussa princĭpis aspectāre, nulla in praesens formidĭne, dum Augustus aetāte valĭdus seque et domum et pacem sustentāvit. Postquam propecta iam senectus aegro et corpōre fatigabātur aderatque finis et spes novae, pauci bona libertātis in cassum disserēre, plures bellum pavescēre, alii cupēre.

P. Cornelii Tacĭti *Annāles*, I, 3-4

Lembra que todo o visto ata aquí sobre a historia da escritura en xeral e o alfabeto latino en particular está recollido na presentación *SCRIPTVRAE HISTORIA*.

3. Observa a presentación HISTORIA DE ROMA (I)-A MONARQUÍA e retén os feitos máis salientables dese período histórico, tendo presente que os datos que temos desa época están envoltos na lenda.

4. *Romāni latĭne loquebantur* significa “Os romanos falaban en latín”. Parece unha obviedade, pero os estudantes de latín teñen tendencia a pensar que só é unha lingua conservada en textos. Por iso, a partir de agora, e en cada *LECTIO*, veremos a cara máis corrente da lingua latina: expresións feitas,

fórmulas de saúdo, interrogación e negación, insultos, interxeccións, e tamén campos léxicos concretos.

De momento, comezaremos coas fórmulas de saúdo e despedida (que podes ver ilustradas na presentación *ROMANI LATINE LOQVEBANTVR (I)*:

FÓRMULA	TRADUCIÓN	USO
<i>ave</i>		oral
<i>avēte</i>		oral
<i>salve</i>		escrito
<i>salvēte</i>		escrito
<i>vale</i>		oral
<i>valēte</i>		oral
<i>optīme vale(te)</i>		escrito
<i>si vales bene est, ego valeo (SVBEEV)</i>		escrito
<i>salūtem plurīmam dicit (SPD)</i>		escrito

